



DA DIVERSIDADE

20
07

Cabo Verde

Brasil



Esta é a viaxe que propoño para facermos xuntos nos próximos meses desde o Auditorio de Galicia. Sons da Diversidade é un ciclo aberto, plural e singular nun espazo emblemático que estamos decididos a recuperar para as artes, para as creadoras e creadores e para a cidadanía.

Sons da Diversidade é unha programación variada e aberta na que conflúen culturas, xeografías, xéneros e estilos diversos. Sons que ao tempo que nos fan viaxar nos permiten transmitir valores que contribúen á consecución dun mundo máis xusto e respectuoso con todas as identidades culturais e lingüísticas. A música é unha linguaxe universal de exquisita liberdade, polo que saber escoitar é descubrir e aprender un mundo complexo e diverso.

Esta mostra da música no mundo tamén é un xeito de contribuír a que os nosos creadores e artistas teñan o recoñecemento e a necesaria repercusión que merecen. É o meu compromiso desde a Concella-



SONS DA DIVERS



Francia

Galiza

**Néstor
Rego
Candamil**
Concelleiro
de Cultura

ría de Cultura habilitar espazos e medios que fagan posíbel a presentación de novos proxectos, estimular a creación e favorecer a produción propia.

Sons da Diversidade é diálogo de tendencias na globalidade, un evento de calidade, unha fiestra aberta á creatividade e a variadas linguaxes para o público dunha sociedade aberta e plural. Desde a Concellaría de Cultura traballamos para crear as condicións nas que facer de Compostela un novo escenario para a cultura, configurado desde o diálogo e a diversidade, no que se potencian os diversos sectores culturais e no que a cultura é sinal de identidade e piar do benestar e do progreso na nosa cidade.

Espero que gocedes cos concertos que a seguir describimos e que nos fagades chegar as vosas suxestións. ■ **Néstor Rego Candamil**
Concelleiro de Cultura

RSIDADE





DA DIVERSIDADE

UNHA ESTRELA POR GUÍA (HOMENAXE A MANUEL MARÍA)

Internarse no universo poético de Manuel María é botar a andar nun labirinto que percorre a complexidade existencial, vital, ideolóxica, dun home, dun poeta que fai dos misterios da alma lúcida metáfora da sinxeleza, diríamos hoxe no minimalismo dun verso: só unha estrela por guía.

Cada un dos recunchos da súa obra foi construíndo un rico e abondoso mosaico que foi asomando o seu brillo e esplendor a medida que se achegaba o poeta á idade "sabia" na que completar o arco da vella da súa ollada: Manuel María lúcido, tenro, crítico, acedo, irónico, combativo, existencialista, intimista, sinxelo, carnal, optimista e pesimista a un tempo, vital..., e un longo etcétera que se podería resumir en dúas palabras do noso himno: bo e xeneroso.

Para Milladoiro foi máxico poder reencontrarse nalgúns casos, noutros lembrar, e en moitos descubrir, os mil homes posíbeis que habitaban no poeta: desde o home de amor á súa muller, Saleta, ata o home de amor ao seu país, Galicia, amor de compromiso no verso e na acción, pasando polo home que fixo bandeira do noso idioma. Tamén o que pousa a súa ollada sobre unha realidade-real como é a dos labregos, ou aquel que loita contra os que estragan a fala decote desde púlpitos diversos e, por suposto, o home das cousas pequenas, achegadas: casa, paxaros, árbores, camiños, lugares nos que naceron os recendos da súa infancia alá na Terra Chá, a terra na que unha estrela guiaba os seus pasos.

24
FEBREIRO
2007



MILLADOIRO



DA DIVERSIDADE

ARXELIA

Khaled é recoñecido por unanimidade como o Rei do Raï, polos seus éxitos mundiais tal como 'Didi' e 'Aïcha' . A súa música é unha invitación irresistible para embarcarse nunha viaxe arredor do mundo, onde a música raï se mestura de forma alternativa co reggae, o funk, o flamenco, o calypso e ata os cantos de Europa do Leste.

Tras cinco discos de éxito, o novo álbum de Khaled, 'Ya Rayi', é unha xenuína "volta ás raíces". Khaled volve á esencia da música raï, cuns encantadores acordes exipcios. Por exemplo na gran canción chaabi "H'mama" que gravou a orquestra da Radio Nacional Alxeriana, Khaled fai unha homenaxe ao pobo alxerino e ao seu folclore. Neste tema reúnense dúas estrelas dos anos 40 e 50, o cantante Blaoui Houari e o pianista Maurice El Medioni.

Khaled invita a descubrir e redescubrir toda a maxia raï e transpórtanos directamente ao típico cabaré alxerino, aqueles cabarés onde el actuaba na súa cidade natal de Orán ao comezo da súa carreira. "Na miña mente eu quería regresar ao raï 100%. Quería regresar aos estilos antigos para volver a sentir a esperanza," di Khaled.

É un disco festivo de raíces, longamente esperado pola comunidade alxerina tanto como por un amplo público desexoso de facer deste novo traballo o seu maior éxito.

Sempre con ese cálido sorriso na boca, Khaled acendeu a chama do raï pop moderno alá polos anos 70. Converteuse nun músico portavoz de toda unha xeración que nacera no medio da euforia e da esperanza que chegou coa independencia de 1962. Esta xeración demandaban liberdade para falar das súas frustracións, do sexo, do alcol, do servizo militar e do exilio. O raï converteuse entón no vehículo idóneo para expresarse, e Khaled erixiuse no seu abandeirado. A agresión directa e o enfrontamento non forman parte do seu estilo. O segredo do seu éxito está no seu manexo da controversia e o conflito e nesa sorte de risas contaxiosas. Ese é tamén o segredo da súa supervivencia

24
MARZO
2007



KHALED

CABO VERDE

Sara Tavares comezou no mundo da música con tan só 16 anos, da man dun concurso que a levou a representar a Portugal no festival de Eurovisión con 17 anos, gravar un primeiro disco en clave de soul e gospel anglosaxón e poñer voz a algunha canción da factoría Disney. Tan só un par de anos despois comezou a colaborar con artistas da relevancia de Alá dos Namorados e a figurar en producións xunto a Gaiteiros de Lisboa ou Rui Veloso, tamén foi convidada polo gaiteiro Xosé Manuel Budiño a participar no seu *Zume de Terra*.

Despois da súa maduración como artista, que supuxo a destrución da súa primeira imaxe, gravou o que se podería considerar o seu primeiro traballo con estilo e afirmación persoais: *Mi Ma Bo*, producido polo congolés afincado en París, Lokua Kanza. Conseguiu o seu primeiro disco de ouro en Portugal e merecido recoñecemento por parte da crítica especializada en música de raíz do país luso, comezando a súa colleita de éxitos en distintos festivais africanos como o HIFA de Zimbawue (edicións 2001 e 2002) e o Popdeurope (festival de sons migratorios).

Actualmente Sara está presente no núcleo dos novos artistas máis interesantes do panorama musical portugués e o seu novo traballo *Balancê*, foi definido como unha aproximación musical entre Cabo Verde, Brasil e Portugal.

Balancê é o traballo con 13 temas no que Sara Tavares pon fin a 5 anos de silencio. *Balancê*, é un conxunto de emocións transmitidas a través da música: unhas, máis solares, invitan á danza; outras, de carácter máis lunar, convidan ao oínte á introspección. E, igual que o son e o ritmo, cun leve engadido de sofisticación europea, se desenvolven ao redor das raíces africanas da artista, *Balancê*, é, así mesmo, palabra: cancións en crioulo, en inglés mesturado a modo de afroportugués (língua lusa cicelada de novo ao crioulo e argot angolano orixinado na comunidade emigrante afincada en Portugal) conforman este traballo.

Formación:

Sara Tavares: voz e guitarra.

Fernando Carlos: baixo.

Fernando Embaló: batería e percusións.

Ricardo Alves: guitarra.

19
ABRIL
2007



DA DIVERSIDADE

A close-up portrait of a woman with a warm, orange-toned headscarf. She has a gentle smile and is looking slightly to the right of the camera. The background is a soft, out-of-focus white. The image is framed by a blue vertical bar on the left and has registration marks at the corners.

SARATAVARES

BRASIL

Conta historias que conseguen enganchar a todo aquel que as escoita. Coa súa guitarra e a súa voz, a artista conseguiu converterse nunha das artistas máis recoñecidas internacionalmente de todo Brasil. Sen lugar a dúbidas, Adriana Calcanhotto foi unha das artistas revelación da música popular brasileira dos anos noventa. Sobresaír nun país tan musical como Brasil só está ao alcance daqueles talentos que desbordan personalidade. Adriana é unha cantautora con luz propia, unha excelente creadora de cancións.

Naceu en Porto Alegre. Filla dun baterista de jazz e bossa nova, e unha bailarina e mestra de educación física, desde pequena escoitou os discos dos seus pais: de Astor Piazzolla e Pink Floyd ata Miles Davis e João Gilberto. Con só seis anos comezou a recibir clases, ao tempo que acompañaba a seu pai nos ensaios que realizaba no garaxe da súa casa.

O seu contacto coa obra de Maria Bethânia, Caetano Veloso, Luiz Melodía, Elis Regina e a música brasileira en xeneral, impulsouna a lanzarse como cantante: preséntase en diversos bares da súa cidade natal e máis tarde trasládase a Río para mostrar a súa proposta. Os favorábeis comentarios de público e crítica achégana á compañía Sony, coa que asinou un contrato de gravación.

En abril de 1990 aparece Enguiço, o seu álbum debut, que presentou cunha xira por todo Brasil e pola que foi a revelación musical do ano. Dous anos despois lanza Senhas, que lle permitiu realizar o seu primeiro show no emblemático teatro Carneação, ademais de completar unha xira nacional de cento setenta datas e recibir un disco de ouro.

A partir do 94 grava cinco discos que obtiveron grades éxitos mundiais e que a consolidaron como unha das mellores artistas do Brasil.

26
MAIO
2007



DA DIVERSIDADE



Adriana Calcanhotto

FRANCIA

*La rue monte en lacets / Chaque virage se mérite...
A rúa sobe en lazos / Cada curva está merecida...*

Estas palabras que abren *L'horizon*, novo álbum de Dominique A, resumen ben o itinerario dun home afeito a non seguir as liñas rectas. Dominique A é un explorador. Cada un dos seus discos é merecido.

Dominique A só segue a súa ruta e este novo disco é un territorio máis para andar sen cansar. A súa voz, á que ás veces pareceu difícil darlle un lugar, libérase. Tras a súa fiel guitarra impóñense, aquí e alá, un piano sutil, coros arrebatadores e concisos arranxos de metais.

Dominique A é un melancólico, pero desa melancolía tan indispensábel como a beira do mar. Unha melancolía que se impregna, en *L'horizon* de ambientes crepusculares, de gozosos voos líricos. Cando a canción francesa se afoga no afán de recrearse nos seus tópicos, Dominique A dálle aire, ábrea a grandes espazos. Inventa aventuras novelescas, historias emocionantes sometidas á esixencia dunha escritura que se desprega, que afonda, que conta e que soña.

"L'horizon está cheo de referencias literarias, de imaxes duras, de amores fuxitivos, de recordos turbadores da infancia, como unha visión alucinada da realidade. E prendido de todo isto un novo capítulo na canción francesa, do que sen dúbida, podemos apostar, quedará constancia.

*"Non me corresponde a min xulgar os méritos deste álbum. Porén si espero que se me permita dicir que o sinto como o meu proxecto máis persoal desde *La fossette*, o meu primeiro disco, e que a san frustración inherente ao anterior álbum ten provocado en min un forte desexo de escribir e de tocar: Teño a debilidade de crer que se sente este desexo en *L'horizon*.*

9
XUÑO
2007



DA DIVERSIDADE



DOMINIQUEA

SONS DA DIVERSIDADE 2006

GORAN BREGOVIC **SERBIA**

PABLO MILANÉS **CUBA**

TOUMANI DIABATÉ & SYMMETRIC ORCHESTRA **MALI**

NANÁ VASCONCELOS **BRASIL**

MARFUL **GALIZA**

SONS NA RÚA **CUBA/GALIZA**

JOÃO AFONSO **PORTUGAL**

RICHARD BONA **CAMERÛN**

ORQUESTRA ÁRABE DE NAZARETH **ISRAEL**

SONS DA DIVERSIDADE 2005

BEBO VALDÉS **CUBA**

MALKIT SINGH **INDIA/INGLATERRA**

LHASA **CANADÁ/MÉXICO**

ARNALDO ANTUNES **BRASIL**

MARIZA **PORTUGAL**

CESARIA ÉVORA **CABO VERDE**

SALIF KEITA **MALÍ**

SONS DA DIVERSIDADE 2004

LUZ **ESPAÑA**

MANECAS COSTA **GUINÉ BISSAU**

DOMÉNICO+2 **BRASIL**

AO PÉ DA LETRA **GALICIA**

LLUIS LLACH **CATALUNYA**

SOUAD MASSI **ALXERIA**

MARÍA JOÃO & MÁRIO LAGINHA **PORTUGAL**

CHICO CÉSAR **BRASIL**

CAPERCAILLIE **ESCOCIA**

KROKE **POLONIA**

MICHAEL NYMAN **INGLATERRA**

LILA DOWNS **MÉXICO**

BERROGÜETTO **GALICIA**



SONS





organiza



CONCELLO DE
SANTIAGO
CONCELLERÍA DE CULTURA

Patrocina

FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

Colabora



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



xacobeo

